

## **Os socialistas non apoian a proposta orzamentaria para 2015 do Goberno, xa que seguen sen apostar por un plan de emprego co que activar a economía local**

Ante a situación de emerxencia que afrontan moitas familias, ven “escasas as cifras destinadas á política social e alertan de que non vale de nada facer previsións se despois non se executa nin o primeiro céntimo”

Esixen que o criterio á hora de apoiar a certos sectores da veciñanza sexa o máis serio posible, “a decisión non pode estar influenciada porque teñamos máis amigos nuns colectivos ca noutros”

**CERVO, 17 DE OUTUBRO DE 2014.-** Os socialistas de Cervo non apoiaron a proposta orzamentaria para 2015 presentada no pleno do día de onte polo equipo de goberno, pois consideran que “son unha conta que seguen obviando un Plan de Emprego co que activar a economía local e afrontar o paro no noso municipio e que se esquecen de calquer política social que axude a combatir a situación económica pola que atravesan a día de hoxe moitas familias cervenses”.

Neste senso, dende o Grupo Municipal Socialista, aseguran que “non é lóxico que o 80% do orzamento se destine ós capítulos 1 e 2, persoal e gastos correntes, e só se reserve o 10% dos mesmos, ós capítulos 4 e 6, os que realmente nos poderían dar marxe de manobra e capacidade de actuación para unha dinamización económica real”.

Precisamente, en canto a persoal se refire, os socialistas insisten en que “nun concello de escasos 4.500 habitantes, o alcalde ten que cobrar pola súa labor de goberno pero non se poden sumar a unha adicación exclusiva, dúas parciais, dous salarios encubertos en conceptos de dietas, un gabinete de prensa e un programa de radio. E tampouco é comprensible que contando cun total de 107 traballadores municipais ós que se adica o 48% dos orzamentos, vexamos de forma pasmosa cómo non se lle saca ningún tipo de rendemento a este potencial de recursos humanos. Por exemplo, non podemos admitir que tendo un técnico administrativo de cultura e deportes, un técnico auxiliar de cultura e dous técnicos diplomados con función polivalente, se paguen facturas a unha persoa de 1.000 ou 1.300 euros en concepto de organización de actividades, exposicións, excursións, programas como o Pasatempos ou eventos de verán”.

### **Plan de emprego**

Os membros do GMS cren un ano máis na “inmensa necesidade de apostar e traballar por un Plan de Emprego que dinamice a economía local e facilite a inserción no mundo laboral dos veciños que así o precisen e sobre todo, de persoas adultas que perderon o seu emprego, con idades complicadas e perfís moi concretos”.

Por isto, preguntaron no pleno sobre este asunto e “tivemos que oír con estupor que lle adicaban ó fomento do emprego 522.000 euros cando a realidade é que lle destinan exactamente 149.000,78 euros, sendo case a mesma cifra que o ano pasado. Minten, xa que o único que fixeron foi aumentar unha partida con previsión de postos de traballo segundo as necesidades das distintas áreas municipais, incrementan as cifras do capítulo 1 pero así non se fomenta o emprego”.

En canto ós mínimos esforzos do PP por potenciar o comercio e a economía local, remataron dicindo que “por riba, contemplaron a aplicación dunha suba na ordenanza fiscal da taxa por ocupación de dominio público básicamente para os postos ambulantes que asisten ó mercado semanal, se está en decadencia, así mermarán moitísimo a asistencia de comerciantes e afectará, como non, ó resto dos locais cervenses”.

### **Políticas sociais**

Ademais de afrontar o problema do desemprego, os socialistas ven “escasas as cifras destinadas á emerxencia social e alertan de que non vale de nada facer previsión se despois non se executa, este ano, contaban con 15.000 euros e non se executou nin o primeiro céntimo. Son moitas as familias que non chegan a fin de mes, que non poden pagar o recibo da luz, a hipoteca ou o comedor escolar dos seus fillos. O goberno do Partido Popular é coñecedor desta situación pero mira para outro lado e mantén intacta esta partida”.

### **Repartos con pouco criterio**

Por último, a revisión dos orzamentos presentados fortaleceu aínda máis a postura dos socialistas ó comprobar datos tan dispares como que “se destinen á Asociación de Xubilados 2.000 euros mentres se dan 700 á ACIA. Que de dúas asociacións de mulleres que temos no concello, se dé a unha 500 euros e á outra 1.500. Se diminúa a partida destinada ós bonos de transporte mentres se incrementan os premios para o Entroido, se aumente o gasto de SOGAMA en dous anos un 45% chegando a pagar un total de 45.000 euros anuais por unha mala xestión dos residuos ou se reduzan as partidas para o mantemento e reparación de todo o concello mentres se gasta a friolera de 165.000 euros en propaganda, publicidade e gastos diversos”.

Con isto, “non queremos dicir que non se aporten cartos á Asociación de Xubilados ou ás asociacións de mulleres pero sí esiximos que o criterio sexa o máis serio posible. A decisión non pode estar influenciada porque unha das concelleiras pertenza á directiva dunha das asociacións ou porque teñamos máis amigos nunhas ca noutras”.

Por todo, o Grupo Municipal Socialista coincide en que “seguiremos solicitando o Plan de Emprego que tanto levamos reclamado como ferramenta imprescindible para solucionar o principal problema dos nosos veciños e a aposta decidida e real polas políticas sociais”.